CONCELLO D
# OROSO

CONCELLO DE OROSO
(A Coruña)
27 AGO. 2018
ENTRADA
SAÍDA 0893

Nº expediente: EXP.URB. 2013/076
Interesado: JOSÉ RENDO CARNEIRO/JOSEFINA RIAL FERRO.
Enderezo: RÚA DO CAMPO Nº 4, BIXO ESQUERDA. SIGUEIRO. OROSO.
Asunto:Concesión aprobación finalización de obras de legalización, ampliación, reforma e apertura de local para albergue de peregrinos.
Trámite: **NOTIFICACIÓN**

Pola presente notificaselle o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 23/08/2018 e que literalmente di:

**2.1.- URB. 076/2013. Aprobar se procede a comunicación de finalización das obras de legalización, ampliación e reforma de local para albergue de peregrinos, situado na Rúa do Campo nº 4, baixo esquerda, Sigüeiro, solicitada por D. José Rendo Carneiro.**

Logo de ver o informe emitido polo Arquitecto Municipal e polo Secretario do Concello, este último que sinala:

1 *ANTECEDENTES MÁIS RELEVANTES:*

*+ Con data 26 de setembro de 2013 (RE nº 4639) solicítase por D. José Rendo Carneiro, con DNI 76499876J, licenza para legalización, ampliación, reforma e apertura de local destinado a albergue de peregrinos, a realizar na Rúa do Campo, nº 4 – baixo esquerda, en Sigüeiro.*

*+ Con data 5 de decembro de 2013 a Xunta de Goberno Local outorgou a D. José Rendo Carneiro licenza de legalización, ampliación, reforma e apertura de local destinado a albergue de peregrinos, na Rúa do Campo, nº 4, baixo esquerda, en Sigüeiro, logo da tramitación do correspondente expediente (URB. 2013/076).*

*+ Con data 28 de febreiro de 2014 (RE nº 729) solicítase por D. José Rendo Carneiro, co DNI 76499876J, visita de comprobación ao ter finalizadas as obras para as que se obtivo licenza.*

*+ Con data 11 de marzo de 2014 (RE nº 935) apórtase por D. José Rendo Carneiro certificado final das obras asinado polo arquitecto técnico D. Arturo M. Para García, para engadir á solicitude de visita de comprobación.*

*+ Con data 12 de marzo de 2014 emítese notificación da resolución de alcaldía da mesma data pola que se require ao interesado o pagamento da taxa por prestación de servizos urbanísticos (RS 0666 do 19/03).*

*+ Con data 25 de marzo de 2014 (RE nº 1138) apórtase por D. José Rendo Carneiro plano de estado final das obras e o xustificante de abono de taxas pola prestación de servizos urbanísticos (visita de comprobación).*

*+ Con data 26/03/2014 emítese informe pola Arquitecta Técnica municipal, unha vez realizada a visita de inspección, no que se sinalan unha serie de deficiencias a subsanar.*
*+ Con data 26/03/2014 emítese notificación da resolución de alcaldía da mesma data pola que se require ao interesado a corrección das deficiencias indicadas no informe técnico do 26/03/2014 (RS 0744 do 27/03).*

*+ Con data 23 de maio de 2017 (RE nº 1605) solicítase por Dª Josefina Rial Ferro, como propietaria do albergue, a correspondente visita de comprobación unha vez finalizadas as obras.*

*+ Con data 10 de abril de 2018 (RE nº 1264) Dª Josefina Rial Ferro, con DNI 32597811A, achega certificado final da obra e solicita que se conceda a licenza ao seu nome, por ser a propietaria do local e a que vai exercer a actividade.*
*A este respecto cabe destacar que nos dous últimos anos comunicouse en distintas ocasións o cambio de titularidade da licenza outorgada o 05/12/2013 a D. José Rendo Carneiro, sendo o último ata o momento o escrito de Dna. Delia Ramona Claro López, con NIE Y0391310W, no que comunica a súa baixa na actividade e solicita o cambio de titularidade a favor da propietaria do local Dna. Josefina Rial Ferro.*

CONCELLO DE OROSO (A Coruña) SECRETARÍA

CONCELLO D OROSO

Nº expediente: EXP.URB. 2013/076
Interesado: JOSÉ RENDO CARNEIRO/JOSEFINA RIAL FERRO.
Enderezo: RÚA DO CAMPO Nº 4, BIXO ESQUERDA. SIGUEIRO. OROSO.
Asunto:Concesión aprobación finalización de obras de legalización, ampliación, reforma e apertura de local para albergue de peregrinos.
Trámite: **NOTIFICACIÓN**

**apertura de establecemento para poder iniciar a actividade**, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

**TERCEIRO**: Non procede realizar liquidación definitiva do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras, xa que segundo o informe emitido polo Arquitecto Municipal e tras visita de comprobación levada a cabo, non se altera o presuposto de execución material para o cálculo do ICIO.

**CUARTO**.- NOTIFICARLLE este acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa.

RECURSOS

Este acordo pon fin á vía administrativa.

Contra el pode interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da data da súa notificación (artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común).

O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da dita Lei 39/2015).

Tamén poderá impugnar este acordo alternativamente mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose.

Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse presuntamente desestimado (artigo 46.1 e 4 da dita Lei 29/1998).

Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Oroso, 23 de agosto de 2018.

O secretario,

Federico Suárez Cancelo.



*En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde conten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.*

CONCELLO D

OROSO

Nº expediente: EXP.URB. 2013/076
Interesado: JOSÉ RENDO CARNEIRO/JOSEFINA RIAL FERRO.
Enderezo: RÚA DO CAMPO Nº 4, BIXO ESQUERDA. SIGUEIRO. OROSO.
Asunto: Concesión aprobación finalización de obras de legalización, ampliación, reforma e apertura de local para albergue de peregrinos.
Trámite: **NOTIFICACIÓN**

*O artigo 24 da citada Lei 9/2013 indica así que con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento e, no seu caso, para o inicio da obra ou instalación que se destine especificamente a unha actividade, os interesados presentarán ante o concello respectivo comunicación previa na que porán en coñecemento da Administración municipal os seus datos identificativos xunto coa documentación especificada no citado artigo.*

*O artigo 29 da Lei establece que sen prexuízo das facultades de control establecidas no artigo anterior, os/as interesados/as poden solicitar a realización dunha inspección de comprobación do local ou establecemento, que terá por obxecto a adecuación do mesmo á normativa de aplicación e ao cumprimento das condicións legais e técnicas da actividade.*
*Realizada a solicitude prevista no apartado anterior, no prazo que se sinale nas ordenanzas locais e, no seu defecto, no prazo máximo de tres meses desde a solicitude do particular o concello remitirá a quen o tivera solicitado o resultado da actuación inspectora. Sinalarase expresamente si se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e a apertura do establecemento ou, en caso contrario, sinalaranse os incumprimentos ou deficiencias detectadas, concedendo un prazo de subsanación. O transcurso do prazo sen que se tivera corrixido as deficiencias dará lugar, previa audiencia da persoa interesada, á adopción das medidas previstas no artigo anterior.*

*Neste caso, tal como se ten sinalado, D. José Rendo Carneiro solicita visita de comprobación ao ter finalizadas as obras de ampliación e reforma de local para albergue de peregrinos, sendo realizada a visita de comprobación polo Arquitecto Municipal con data de 16 de abril de 2018, sen que no seu informe de 3 de maio de 2018 sinale deficiencias que deban ser obxecto de corrección.*

*Polo tanto debe procederse de conformidade co previsto no artigo 29 anteriormente citado a dar traslado á interesada do resultado da inspección realizada, sen que fose necesario adoptar ningún tipo de acordo sobre esta cuestión, sen prexuízo de que se poida proceder a dar conta do resultado de tal inspección á Xunta de Goberno Local como órgano competente en materia de licenzas de obra e apertura por delegación da Alcaldía.*

*En todo caso deberá a interesada, tal e como sinala o informe emitido polo Arquitecto Municipal, presentar comunicación previa de inicio de actividade antes de proceder ao inicio da mesma.*

II.1 *<u>Órgano competente.</u> O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, establece que será competencia do Alcalde da Corporación o outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais ao atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local. E o artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que a competencia para outorgar licenzas corresponderá aos municipios segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local.*
*Mediante resolución de Alcaldía nº 619/2015 do 22 de xuño, no punto cuarto 3, da mesma se delegou na Xunta de Goberno Local, a competencia en materia de concesións de licenza de primeira ocupación. Igualmente na citada resolución de Alcaldía se atribúe á Xunta de Goberno Local a competencia para ter coñecemento das comunicacións previas en materia de apertura que sexan presentadas ante o Concello.*

III *PROPOSTA DE RESOLUCION*

*Proponse que pola xunta de goberno local se adopte o seguinte acordo:*

*Logo de realizada visita de comprobación por parte dos servizos técnicos municipais e visto o informe emitido por estes así como polo Secretario da Corporación, a Xunta de Goberno Local, adopta o seguinte acordo:*

*PRIMEIRO. Aprobar a comunicación de finalización de obras de legalización, ampliación reforma e apertura de local para albergue de peregrinos, situado na Rúa do Campo, nº 4, baixo esquerda*

CONCELLO DE OROSO (A Coruña) SECRETARÍA

CONCELLO D OROSO

Nº expediente: EXP.URB. 2013/076
Interesado: JOSÉ RENDO CARNEIRO/JOSEFINA RIAL FERRO.
Enderezo: RÚA DO CAMPO Nº 4, BIXO ESQUERDA. SIGUEIRO. OROSO.
Asunto:Concesión aprobación finalización de obras de legalización, ampliación, reforma e apertura de local para albergue de peregrinos.
Trámite: **NOTIFICACIÓN**

*Sigüeiro, formulada en data 28 de febreiro de 2014 (RE nº 0729) por D. José Rendo Carneiro, co DNI 76499876J, e completada en data 10 de abril de 2018 (RE nº 1264) por Dª Josefina Rial Ferro, con DNI 32597811A, actual titular da licenza concedida o 05/12/2013 pola Xunta de Goberno Local, por considerar que as obras executadas se axustan ao proxecto presentado e que obtivo a antedita licenza.*

*A salvo do dereito de propiedade.*

*A presente comunicación de finalización de obras apróbase a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no artigo 12 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.*

*SEGUNDO. Realizada visita de comprobación polo Arquitecto Municipal en data de 16 de abril de 2018, observándose que non existe inconveniente para o inicio da actividade aos efectos do previsto no artigo 29 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. Non obstante deberá presentarse comunicación previa de inicio de actividade ou de apertura de establecemento para poder iniciar a actividade, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.*

*TERCEIRO: Non procede realizar liquidación definitiva do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras, xa que segundo o informe emitido polo Arquitecto Municipal e tras visita de comprobación levada a cabo, non se altera o presuposto de execución material para o cálculo do ICIO.*

*CUARTO.- NOTIFICARLLE este acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa.*

Ábrese unha quenda de intervencións.
Non se producen intervencións.

A Xunta de Goberno Local por:

Votos a favor: catro ( 4 do PSdeG-PSOE).
Votos en contra: ningún ( 0 votos ).
Abstencións: ningunha ( 0 votos ), dase conta da seguinte comunicación previa e adopta o acordo recollido no punto segundo:

**PRIMEIRO.** Aprobar a comunicación de finalización de obras de legalización, ampliación reforma e apertura de local para albergue de peregrinos, situado na Rúa do Campo, nº 4, baixo esquerda, Sigüeiro, formulada en data 28 de febreiro de 2014 (RE nº 0729) por D. José Rendo Carneiro, co DNI 76499876J, e completada en data 10 de abril de 2018 (RE nº 1264) por Dª Josefina Rial Ferro, con DNI 32597811A, actual titular da licenza concedida o 05/12/2013 pola Xunta de Goberno Local, por considerar que as obras executadas se axustan ao proxecto presentado e que obtivo a antedita licenza.

A salvo do dereito de propiedade.

A presente comunicación de finalización de obras apróbase a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no artigo 12 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

**SEGUNDO.** Realizada visita de comprobación polo Arquitecto Municipal en data de 16 de abril de 2018, observándose que non existe inconveniente para o inicio da actividade aos efectos do previsto no artigo 29 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. **Non obstante deberá presentarse comunicación previa de inicio de actividade ou de**

CONCELLO DE OROSO (A Coruña) SECRETARÍA

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 |
info@concelloroso.com

www.oroso.es | www.concellooroso.com

CONCELLO D
# OROSO

Nº expediente: EXP.URB. 2013/076
Interesado: JOSÉ RENDO CARNEIRO/JOSEFINA RIAL FERRO.
Enderezo: RÚA DO CAMPO Nº 4, BIXO ESQUERDA. SIGUEIRO. OROSO.
Asunto:Concesión aprobación finalización de obras de legalización, ampliación, reforma e apertura de local para albergue de peregrinos.
Trámite: **NOTIFICACIÓN**

*tivera transcorrido o prazo de prescrición. No presente caso, segundo o informe emitido polo Arquitecto Municipal, nos planos de estado final observándose que coinciden no esencial cos planos que constan no expediente existente no concello de Oroso que obtivo a licenza municipal, aínda que se fai referencia a que se tiveron realizado pequenas modificacións que non afectan á liquidación do ICIO.*

*Conforme o informe emitido polo Arquitecto Municipal:*

*"O presente informe técnico ten por obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo realizados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, que o aproveitamento se axusta ao susceptible de apropiación e que as obras e usos realizados se axustan ao proxecto que obtivo licenza municipal de obra.*

*I. NORMATIVA DE APLICACIÓN.*

*Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.*

*Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

*Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*

*Plan Xeral de Ordenación Municipal del Concello de Oroso, aprobado pola Orde de 16 de febreiro de 2005 (DOG nº 40, de 28 de febreiro de 2005) da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e publicadas no BOP nº 63 de fecha 18 de marzo de 2005, coas modificacións introducidas polas modificacións puntuais nº 1, 2, 3 e 5 (BOP nº 157 do 20 de agosto de 2013, BOP nº 17 de 24 de xaneiro de 2013, BOP nº 136 de 18 de xullo de 2012 e BOP nº 49 de 14 de marzo de 2016 respectivamente).*

*Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

*Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (CTE), coas súas modificacións.*

*Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.*

*Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*II. ANTECEDENTES.*

*Con data 26 de setembro de 2013 (RE nº 4639) solicítase por D. José Rendo Carneiro licenza para legalización, ampliación, reforma e apertura de local destinado a albergue de peregrinos, a realizar na Rúa do Campo, nº 4 – baixo esquerda, en Sigüeiro, concello de Oroso (A Coruña).*

*Con data 5 de decembro de 2013 outorgiuse pola Xunta de Goberno Local licenza de legalización, ampliación, reforma e apertura de local destinado a albergue de peregrinos, na Rúa do Campo, nº 4 – baixo esquerda, en Sigüeiro, concello de Oroso (A Coruña).*

*Con data 28 de febreiro de 2014 (RE nº 729) solicítase por D. José Rendo Carneiro visita de comprobación ao ter finalizadas as obras.*

CONCELLO DE OROSO (A Coruña) SECRETARÍA

*En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.*

CONCELLO D OROSO

Nº expediente: EXP.URB. 2013/076
Interesado: JOSÉ RENDO CARNEIRO/JOSEFINA RIAL FERRO.
Enderezo: RÚA DO CAMPO Nº 4, BIXO ESQUERDA. SIGUEIRO. OROSO.
Asunto:Concesión aprobación finalización de obras de legalización, ampliación, reforma e apertura de local para albergue de peregrinos.
Trámite: **NOTIFICACIÓN**

*Polo tanto segundo o informe emitido polo Arquitecto Municipal as obras se axustan ao proxecto para o que se obtivo licenza, polo que procedería aprobar a comunicación de finalización de obras.*

*Conforme establece o 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, "as solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran á edificacións amparadas en licenzas de obras que requiran proxecto técnico, deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación do servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.*
*Xuntarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmoble de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas ás redes de subministros."*

*Neste caso trataríase dunha comunicación de actividade e de realización de obras nun local xa construído e finalizado, polo que se entende que, a salvo de criterio mellor fundado en dereito, non sería necesario a esixencia de certificado de axeitada execución das acometidas ás redes de subministros ao presumirse que estas estarían xa executadas e en funcionamento cando se remataron as obras de execución do local.*

*En canto ao procedemento de concesión da licenza de primeira ocupación o artigo 42.3 da Lei de vivenda de Galicia, como se indicou anteriormente, establece que "a Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificarlla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar desde a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do Concello." Neste caso, a interesada, tras a solicitude de visita de comprobación inicial, non achegou toda a documentación requirida ata o 10/04/2018 (R.E. 1264).*

*Debe lembrarse que de conformidade co previsto no artigo 103.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, "unha vez rematada a construción, instalación u obra, e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impoñible a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda." Neste caso, como xa quedou dito, no informe emitido polo Arquitecto Municipal indícase que non se incrementa a superficie de intervención polo que non se produce variación na liquidación do ICIO efectuada con anterioridade.*

*Polo que respecta á actividade debemos ter en conta que:*

*Conforme establece o artigo 23 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade de económica de Galicia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia suprímese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.*
*Os concellos velarán polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán , controlarán e inspeccionarán as actividades.*

*A Lei 9/2013, de 19 de decembro, pretende trasladar ao ámbito da comunidade autónoma a normativa europea, baseada en substituír os controles previos ou a priori, como sería a licenza de apertura por outros controles a posteriori, a través da figura da comunicación previa e a declaración responsable, favorecendo a rapidez e eliminación de trabas burocráticas para o inicio de actividades de índole comercial ou industrial.*

*En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, infórmaselle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.*

CONCELLO DE OROSO (A Coruña) - SECRETARÍA

CONCELLO DE OROSO
22 ABR. 2019

CONCELLO D OROSO

Nº expediente: EXP.URB. 2013/076
Interesado: JOSÉ RENDO CARNEIRO/JOSEFINA RIAL FERRO.
Enderezo: RÚA DO CAMPO Nº 4, BIXO ESQUERDA. SIGUEIRO. OROSO.
Asunto:Concesión aprobación finalización de obras de legalización, ampliación, reforma e apertura de local para albergue de peregrinos.
Trámite: **NOTIFICACIÓN**

*+ Con data 03/05/2018 emitese informe favorable polo Arquitecto Municipal, logo de visita de comprobación das instalacións realizada con data de 16 de abril de 2018.*

*O expediente foi remitido a esta Secretaría con data 16/05/2018.*

## II *ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS*

*Conforme establece o artigo 42 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, "unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmoble, e acompañará á súa solicitude certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, esixa o concello competente."*

*O artigo 142.2 g) da 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que estarán suxeitas a licenza e non a comunicación previa, entre outros usos do solo e do subsolo, a concesión de licenza de primeira ocupación. Polo que resultará procedente o réxime de autorización ou licenza previa e non é de aplicación neste caso o réxime de comunicación previa, o cal resulta lóxico se temos en conta que o obxectivo último da licenza de primeira ocupación é comprobar que as obras se teñen executado conforme ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza.*

*A solicitude presentada, achega a seguinte documentación:*
*- Certificado final das obras asinado polo arquitecto técnico D. Arturo M. Para García, sen visar.*
*- Plano de estado final das obras asinado polo arquitecto técnico D. Arturo M. Para García.*

*En canto á necesidade de visado debemos ter en conta que trala entrada en vigor do Decreto 1000/2010, de 5 de agosto segundo o artigo 2 do mesmo so será obrigatorio o visado entre outros para o "certificado de final de obra de edificación, que incluirá a documentación prevista no anexo II.3.3 do Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación."*
*Como se indicou, achégase pola solicitante certificado final de obra pero este carece de visado colexial, polo que procedería o requirimento do mesmo. Sen embargo debemos ter en conta que neste caso non se trata propiamente dunha licenza de primeira ocupación senón que se trataría da comunicación da finalización de obras, polo que se entende que non sería obrigatoria a aportación dun certificado final de obra visado porque o Decreto 1000/2010, de 5 de agosto require o visado para o certificado final de obras de edificación, non considerando que as obras executadas neste caso poidan considerarse unha edificación. En apoio de tal afirmación, debemos considerar que carecería de sentido non requirir proxecto visado de execución para as obras, e posteriormente si solicitar tal visado para o certificado final de tales obras.*

*De conformidade co establecido no artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada".*

*Pola súa parte o artigo 42.3 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, establece que "A Administración, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver expresamente a solicitude e notificarlle á persoa interesada a resolución no prazo máximo de dous meses, que se contarán a partir da data en que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do Concello."*

*No caso de que se comprobase por parte dos Técnicos que se tiveran realizado obras sen axustarse ti licenza aínda que estas resulten legalizables deberá procederse a incoar o oportuno expediente sancionador de conformidade co previsto no artigos 152 e seguintes da LSG, e sempre e cando non*

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

CONCELLO DE OROSO (A Coruña) · SECRETARÍA